


ENFIANDO

¿U-LO ESE GRAN REINO?



Texto Francisco Xosé
Fernández Naval
Escritor



Anos que non ía a Doniños. Botei cálculos, se cadra dezasete, logo daquelas dúas veces, alá polo final dos oitenta, con Daniel, meu fillo, na mochila, dándolle calor ó meu peito. Volvín agora, só. Regresei a Doniños neste mes de febreiro, un domingo de luces e de sombras, ás veces traspasado de saraiba e afirmado no frío.

Atopeime de novo coa lagoa naquel fondo, misteriosa e calma, coma durmida nas súas cores escuras que semellan agochar os brillos e os ecos da cidade asolagada de Valverde. Busqueina polo lado do mar, dándolle as costas ó amplo e complexo espazo das dunas. Achegueime entre as brañas e deseguida Doniños recibíume cun galano, coa proposta dunha intensa emoción, porque dende o meu observatorio podía ver as lontras, xogando na mañá, logo da cacería. Había anos que non vía as lontras. Pegadas delas si, nos areais de Muros e Carnota, pero unha parella amosándose como facían estas, cousa de circo ou de centro temático, só as vira unha vez, no Limia, no corazón do Xurés, nun tramo de río que deixou de existir co encoro de Lindoso.

Camiñei os carreiros da lagoa. Vin as cercetas, os alavancos, os parrulos cristados, as galiñolas, as escribentas, as garzas. Dei conta do bocadillo ollando o mar, nese areal dun dourado intenso, que semella un solpor, de cor tan diferente a outras áreas brancas do país.

Proseguín logo ata o castro de Lobariz, sempre coas Gabeiras

diante, fillas do mar e orfas da terra que as rexeitou un día.

Hai algo nesta costa que atrae, máis alá da súa configuración, da súa riqueza natural, da súa beleza. Será o pouso da lenda, o carácter dun territorio que foi historia antes da historia, a sensación de que hai espazos nos que o home intúe a súa propia dimensión, o seu lugar relativo no constante fluír da vida.

Por curiosidade e baixo a chuvia, fun logo ó Prioriño, por ver a obra do porto exterior. Unha parella de idade contemplaba a paisaxe dende o límite da tea metálica baixo a que se constrúe o peirao. O home preguntoume polos lugares que contemplabamos. Falamos de Lorbé e as súas bateas, de Sada, de Betanzos, da Coruña.

¿Por onde evacúa os camións o porto este? –preguntou con tino. Costoume explicarlle que a nova obra avanzaba sen estar aprobadas as vías de comunicación terrestres.

—O que pasa é que aquí non se sabe cal é o carro e cales os bois –retrucou.

De regreso detivenme de novo a contemplar Doniños, agora contra o solpor. Pensei que se deixo pasar outros dezasete anos, cando volva quizais xa non exista, que inevitablemente a presión do porto exterior condicionará os espazos máis alá dos seus límites, agás que unha administración decidida actúe para evitalo, en defensa do que é de todos, cousa dubidosa neste país ó que queremos, pero ó que non comprendemos.

Dous portos exteriores nun radio de pouco máis de cinco qui-

lómetros e un porto para o gas sacrificando a ría, estando un deses portos a un quilómetro escaso desa planta de gas. Pero isto non é novo. Non chegamos a tres millóns de galegos pero temos tres aeroportos deficientes; tres universidades á baixa; dúas orquestras sinfónicas; un monte esmucado para cidade de cultura, mentres milleiros de galegos carecen dun espazo no que programar un canto coral, unha obra teatral, a presentación dun libro.

Así as cousas, escribir de Doniños e falar de paxaros semella pertinente. Vén sendo unha metáfora. Se cadra así o entendeu Otero Espasandín, que no tráxico delirio do exilio optou por escribir de paxaros e da natureza, tal vez convencido de que os paxaros voan, elévanse por riba da crueldade, da miseria, do localismo, van libres dunha lagoa a outra, das illas ós illotes, sen saber de comarcas, sen cobiza. Saben que a natureza, como gran país que é, cousa e casa de todos, buscou equilibrios que garanten vida. Nós precisamos quen nos pense, quen voe sobre o país e o comprenda na súa unidade, no seu conxunto, na súa complexidade, no necesario equilibrio, na xustiza e na igualdade. Un gran reino, dicía Celso Emilio naquel poema de animais que falaban. ¿U-lo ese gran reino?

Regresei. Faltaban poucos días para o referéndum da constitución europea, e pensei, que fora cal fora o resultado, a nós, ós nosos políticos e demais poderes, coma europeos, aínda nos faltaba un fervor.